



Recomendación dirixida ao Concello de Neda para que constituía o Tribunal Médico que estude e valore a solicitude dun funcionario de pasar á segunda actividade

Expediente: V.9.Q/810/18

Santiago de Compostela 20 de abril de 2018

Sr. alcalde:

Unha vez recibida a súa resposta en relación á queixa de don [REDACTED], foi remitida ao interesado que se pon de novo en contacto con esta Institución solicitando a reapertura do expediente.

No seu escrito solicítanos de novo que o concello convoque o tribunal médico que poida analizar e valorar a súa situación e determine o que considere, tal como solicitou no escrito dirixido ao concello con data 30 de maio de 2017.

Entendemos que o artigo 65.1 da Lei de Coordinación de Policía Local de Galicia ampáralle na súa pretensión ao indicar que o procedemento, para pasar á segunda actividade, iniciárase de oficio ou a solicitude da persoa interesada.

Consideramos que deben continuarse os trámites para convocar o Tribunal Médico que valore a solicitude do interesado de pasar á segunda actividade, trámites paralizados, segundo se desprende da resposta do concello, pola situación do interesado con baixa médica de longa duración que pode hipoteticamente derivar nunha incapacidade permanente absoluta.

Este hipotético futuro que pode darse ou non, non reduce nin modifica o dereito do interesado a que se inicie e culmine o procedemento por el solicitado no referido escrito de maio de 2017.

Por estas razóns e en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facémoslle chegar ao Concello de Neda a seguinte **recomendación**:

*“Recomendamos ao Concello de Neda o inicio, ou a continuación, do procedemento para constituír o Tribunal Médico que estude e valore a solicitude de don █████ de pasar á segunda actividade”.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo